

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

IMPULSADO POLO COETG

Un dicionario recollerá os termos sobre novas tecnoloxías na nosa lingua

A obra, que estará dirixida por Xavier Alcalá, presentouse este martes en Compostela, dentro dos actos conmemorativos do Día das Letras, da Internet e das Telecomunicacións.

Redacción - 19:03 13/05/2008

Este martes presentouse en Compostela o Dicionario Enciclopédico Galego das TIC, unha obra promovida polo [Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicacións](#) e dirixida por Xavier Alcalá que pretende normalizar na nosa lingua o vocabulario relacionado coas novas tecnoloxías.

A presentación do proxecto e mais a reflexión sobre o futuro da lingua galega na era dixital foron as principais accións que promoveu o COETG para conmemorar, xunto coa Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, o Día Mundial das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2008.

Alcalá, ademais de achegar os primeiros resultados do proxecto en canto a escolma de termos e criterios de selección, falou da intencionalidade do Dicionario, da súa produción e metodoloxía de traballo, así como da súa promoción e divulgación na rede. Como enxeñeiro, afirmou, “cómprenos a aplicación correcta dos códigos. O código fundamental para os humanos é a fala. Por iso, nós temos unha especial obriga na corrección e na economía dos termos”, de aí que para Alcalá sexa “obxectivamente encomiable o Dicionario que nos propomos levar ao dominio dos feitos”.

O Dicionario Enciclopédico Galego das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, no que traballan máis de 30 expertos, conta coa supervisión técnica e científica da Escola Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación de Vigo e coa supervisión lingüística da Real Academia Galega. A súa produción desenvolverase en tres anos e aloxarase na web corporativa da [AETG](#) e nos dominios de Internet da [ETSET](#) de Vigo e da [Real Academia Galega](#), con actualización permanente e grupos de traballo na súa contorna para o desenvolvemento conxunto da lingua e das tecnoloxías.

Novas relacionadas

- [Haberá un Dicionario Enciclopédico Galego das novas tecnoloxías](#)